

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****SALVATERRA DE MIÑO****Ordenanzas e Regulamentos****EDICTO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DE ORDENANZAS MUNICIPAIS****E D I C T O**

En cumprimento do artigo 17.3 do real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario de data 15 de novembro de 2016 de aprobación inicial das modificacións das Ordenanzas Fiscais, nos seguintes termos:

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN  
DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE****ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito imponible da Taxa:

- a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autoriza-la acometida á rede de abastecemento de auga municipal.
- b) A prestación do Servizo de Abastecemento de Auga Potable.
- c) Os demais servizos que se detallan na tarifa da Taxa.

**ARTIGO 2. SUXEITOS PASIVOS**

E suxeito pasivo, en concepto de contribuínte, a persoa física ou xurídica e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que utilicen ou se beneficien dos servizos prestados, que forman parte do feito imponible deste tributo.

Serán suxeitos pasivos substitutos do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aquelas, beneficiarios do Servizo.



**ARTIGO 3. RESPONSABLES**

Serán responsables solidarios ou subsidiarios das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas, consideradas para estes efectos segundo o disposto na Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

**ARTIGO 4. COTA TRIBUTARIA**

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa, de acordo coa seguinte Tarifa:  
Conceptos

**A) Consumos (liquidación semestral):****1. Uso doméstico:**

- Mínimo 60 m3 semestre, cota mínima . . . . . 29,34
- Máis de 60 m3 ata 90 m3/ semestre, cada m3 . . . . . 0,99
- Excesos de 90 m3/ semestre, cada m3 de exceso . . . . . 1,12

**2. Usos Industriais, comerciais e obras**

- Mínimo 60 m3 semestre, cota mínima . . . . . 34,18
- Máis de 60 m3 ata 90 m3/ semestre, cada m3 . . . . . 0,99
- Máis de 90 ata 195 m3/ semestre, cada m3 . . . . . 1,12
- Excesos de 195 m3/ semestre, cada m3 de exceso . . . . . 1,24

**B) Mantemento contador (cota fixa semestral): 6,14****C) Altas de conexións:**

- Alta na prestación do servizo, con carácter xeral . . . . . 553,70
- Altas en edificios na sala de contadores a contador individual de cada vivenda ou local, 150,00 Reapertura de Abastecemento . . . . . 100,00

2. Cando non sexa posible colocar o contador na beirarrúa, o solicitante deberá aboar pola distancia entre este e a conexión coa rede, por metro linea: 16,00

**ARTIGO 5. BENEFICIOS FISCAIS**

Aplicarase unha bonificación do 20 % sobre a cota tributaria integra nas Altas de Conexións ás familias numerosas e as persoas con minusvalía igual ou superior ao 33 %.



**ARTIGO 6. DEVENGO**

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír:

a) Nos servizos de devengo puntual, cando se presenta a solicitude de prestación do servizo ou actividade.

b) Nos servizos de devengo periódico, devengarase a Taxa por semestres naturais, ou, no caso de coincidir o alta ou baixa co primeiro ou último día do semestre natural, a fracción do semestre que en cada caso corresponda.

**ARTIGO 7. LIQUIDACIÓN**

1.—Cando se trate de servizos puntuais liquidarase e esixirase a Taxa correspondente, no momento da aprobación polo órgano competente da licenza solicitada.

2.—Se se realiza a acometida sen mediar solicitude procederase á liquidación e notificación da taxa, esixíndoselle-lo ingreso nos prazos previndos na Lei Xeral Tributaria, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.

Unha vez autorizada a acometida, a xestión e recadación desta Taxa acomodarse ao procedemento previsto para os valores en recibo (padrón, censo, matrícula etc.), en períodos semestrais

**ARTIGO 8. INGRESO**

Unha vez producida o alta, a Taxa exaccionarase por padrón, no período sinalado na tarifa, esixíndose o importe da mesma no prazo que sinale a Lei Xeral Tributaria para as débedas por recibo.

**ARTIGO 9. INFRACCIONS E SANCIONS**

En todo o relativo a Infraccións tributarias e ás súas calificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ó disposto na Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria, e restante normativa de aplicación.

**DISPOSICIÓN FINAIS**

1.—No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación a Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2.—A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas

